

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE LALÍN

Lalín, a 23 de xullo de 2021

REÚNIDOS

Por unha parte, D. José Crespo Iglesias, Alcalde do Concello de Lalín, que actúa en representación deste.

Por outra, D. José Antonio Quintana Fernández, con D.N.I. 76.797.584-D, nomeado, en Asamblea Ordinaria do día 20 de decembro de 2020, Presidente da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Lalín, en adiante " AVPC de Lalín, con domicilio social en Plaza do Concello, S/N en Lalín (Pontevedra) e C.I.F. G36191021.

Redáctase o presente convenio ao amparo do establecido nos artigos 22.2.c) e 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dadas as características que revisten os fondos públicos que se entregarán a terceiros.

MANIFESTAN

1.- Que o Concello de Lalín, segundo se sinala o artigo 26.1.c) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, a protección civil como competencia dos concellos que superen os 20.000 habitantes.

2.- Que a AVPC de Lalín, asinante do convenio conta cos medios humanos e material, coa experiencia necesaria na prevención de emerxencias, adquirida ó longo destes anos de colaboración coas autoridades de protección civil da Administración Autonómica e Local, sendo entidade necesaria e imprescindible en materia de prevención, promoción, divulgación, información e socorro que poidan prestar no seu ámbito de actuación.

3.- O artigo 50.2 do Decreto 56/2000 do 3 de Marzo, dispón que as actuacións das AVPC no ámbito local serán autorizadas, coordinadas e, no seu caso, dirixidas, pola autoridade local correspondente; establecéndose un vínculo de dependencia coa autoridade local da demarcación na que actúan, dependencia que se indica tamén nos propios estatutos de cada agrupación.

4.- A base conceptual da Protección Civil é asegurar do modo máis eficaz a protección da vida das persoas e dos seus bens. Fundamentado no principio de solidariedade, que establece a Constitución, do que se derivan obrigas para todas e cada unha das administracións públicas nos seus respectivos ámbitos de competencia.

5.- O principio universal da escaseza de medios para a total cobertura da protección ao cidadán e aos seus bens fai necesaria a coordinación da estrutura orgánica e recursos operativos utilizables das Administracións Públicas, das entidades sociais e dos cidadáns.

6.- O deber dos cidadáns de colaborar na prestación de servizos en materia de protección civil, de forma voluntaria ou obrigatoria, caso de seren requiridos polas autoridades, pode ser canalizado a través da nosa asociación local de voluntarios de protección civil, que agrupa as persoas que, dun xeito altruísta e sen fin de lucro, desenvolven un importante labor en materia de protección civil.

7.- Dado o interese público, o intenso traballo que existe no Concello durante todo o ano, e a imposibilidade de atendelo na súa totalidade cos servizos propios, asíñase este convenio coa Agrupación de Voluntarios de Protección Civil para a colaboración nas tarefas de protección civil.

En virtude do exposto, e no exercicio das competencias que lles son propias, as partes que interveñen están interesadas en establecer o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. Obxeto.

O Obxecto do presente convenio, é establecer a colaboración da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Lalín co Concello de Lalín no ámbito da Protección Civil, conforme a lexislación establecida pola Xunta de Galicia e a normativa propia da Agrupación de Voluntarios.

Esta colaboración levarase a cabo en coordinación cos servizos municipais do concello, actuando sempre os voluntarios baixo os seus mandos naturais.

SEGUNDA. Normativa

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Bases 31 e 33 de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o ano 2021.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Decreto 56/2000 do 3 de Marzo, polo que se regulan os órganos de coordinación, cooperación administrativa e asesoramento en materia de Protección Civil e Emerxencias.
- Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia

TERCEIRA. Contido do programa e actuacións a desenvolver.

Este convenio servirá para desenvolver un programa de actuación en colaboración co Concello de Lalín, que consistirá en:

- ◆ **Campañas de prevención de riscos en operativos** de seguridade como por exemplo:

- ◆ Preventivos de seguridade en actividades deportivas (Probas ou carreiras pedestres, maratóns, competicións de fútbol, balonmán, probas a motor, etc.)
- ◆ Preventivos de seguridade en actividades culturais (Teatro, concertos, etc.)
- ◆ Preventivos de seguridade en actividades lúdico/relixioas (Romaría do Corpiño, Festa dos Carballiños, Festas Patronais, etc.)
- ◆ Actividades de formación dos propios voluntarios (cursos, prácticas dirixidas, etc)
- ◆ Actividades de autoprotección dirixidas ós veciños (Charlas, simulacros, demostracións, talleres prácticos, etc)

En todo caso e preciso que o beneficiario da axuda deberá presentar a seguinte documentación no prazo de dez días naturais desde a sinatura do convenio:

- 1) Memoria explicativa e detallada onde figure o programa de actividades.
- 2) Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto das aprobadas como pendentes de resolución, para as actividades obxecto deste Convenio.

CUARTA. Obrigas da A.V.P.C de Lalín

- a) Cumprir co obxecto do convenio, en función da dispoñibilidade de voluntarios.
- b) Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade subvencionada
- c) Someterse a actuacións de comprobación.
- d) Comunicarlle ao Concello a concesión doutras subvencións ou axudas para os mesmos fins.
- e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
- f) Colaborar na prevención, apoio e cobertura en grandes eventos e concentracións humanas derivadas de actos autorizados ou directamente organizados polo Concello de Lalín, baixo a dirección da autoridade á que lle corresponda o mando segundo a lexislación vixente.
- g) Informar ao CIAE 112, a tempo real, das situación e incidencias nos diferentes operativos ou preventivos nos que estean participando.
- h) Subscribir un seguro de accidentes e responsabilidade civil para os voluntarios.
- i) Atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas ca seguridade social e a facenda estatal e autonómica.
- j) Coidar e manter en perfecto estado o local social cedido polo concello.
- k) Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a participación e colaboración co Concello de Lalín.

A A.V.P.C. de Lalín comprométese a cumprir a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía de Dereitos Dixitais o Real Decreto 1720/2007 de 21 de decembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica.

QUINTA. Obrigas do Concello de Lalín

- a) Concrétase en pagarlle á Agrupación o importe da subvención unha vez que se xustifique, tal como se regula nas presentes cláusulas.
- b) O Concello, porá a disposición da Agrupación de Voluntarios puntualmente, o vehículo e o material cedidos pola Xunta de Galicia para uso desta entidade, nas colaboracións solicitadas polo Concello ou en actividades de colaboración con outras entidades sen ánimo de lucro, eventos, reunións oficiais, actos institucionais e outros operativos da agrupación, así como os medios necesarios para a intervención tanto en terra como no mar, ríos, pantanos ou augas interiores, en perfecto estado de revista, uso e repostaxe.
- c) Poñer á disposición da Avpc un local social axeitado e acondicionado para base de operacións.
- d) Acreditará a labor realizada pola agrupación e/ou o persoal voluntario baseándose en certificados do secretario da AVPC de Lalín e/ou informe da xefatura do servizo municipal de protección civil e emerxencias do Concello de Lalín.

SEXTA. Natureza.

Este convenio ten unha natureza puramente de colaboración e fomento da autoprotección a través da A.V.P.C de Lalín, entendendo que a cantidade á que o Concello de Lalín se compromete con de 10.000€ é para cubrir gastos esenciais das actuacións a desenvolver no marco deste convenio, polo que non se pode referir a este Convenio ningunha natureza laboral, mercantil, civil ou de calquera outra clase xurídica. A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio co Concello de Lalín, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir ao Concello responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

SÉTIMA. Orzamento.

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lalín realizou una reserva de crédito na aplicación orzamentaria 2021 0 135 48908 01 do Orzamento Municipal para 2021 por importe de 10.000€, co obxectivo de conceder unha subvención para as actividades sinaladas no punto terceiro. Terán a consideración de gastos subvencionables os gastos realizados, para estas finalidades, desde o 1 de xaneiro de 2021 ata a finalización do período de xustificación da subvención (15 de decembro de 2021)

A contía das axudas distribúese nos seguintes conceptos subvencionables:

Material non inventariable **5000€**

- EPIs (Equipos de Protección Individual) e vestimenta persoal de uniforme.
- Equipos de prevención e de protección, sempre que se trate de material funxible, incluído material para a caixa de primeiros auxilios.

Gastos de funcionamento

- Gastos ocasionados pola conservación e mantemento da súa sede e medios de intervención, seguros de responsabilidade civil e protección xurídica da entidade, de comunicación fixos e móbiles de voz e datos.
- Pagamento de seguros do voluntariado de protección civil.
- Equipamento do material informático, de comunicacións, de rescate e intervención.
- Gastos dos voluntarios, ocasionados durante as actuacións levadas a cabo pola agrupación en materia de protección civil.

Gastos de formación e fomento da autoprotección

3000€

- Gastos ocasionados na formación dos compoñentes da agrupación.
- Gastos ocasionados no desenrolo de actividades de fomento da autoprotección e formación dirixidas ós veciños

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos poderá ser superior ao valor de mercado.

En todo caso este desglose por conceptos e programas será orientativo, de tal xeito que se poderá adicar unhas contías distintas a cada un deles dependendo das necesidades do servizo, sempre e cando non se supere o importe global dos 10.000€.

OITAVA. Forma de pagamento.

O pagamento da cantidade a financiar polo Concello de Lalín, á que se refire a cláusula anterior abonarase nun só pago do 100% da subvención (os 10.000€) e de xeito anticipado que será aboado á sinatura do convenio, de acordo co establecido para as subvencións prepagables na Base 31 normas incluídas nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2021.

De acordo con estas Bases:

“poderase ordenar e expedir o pago, co carácter de subvención prepagable, debendo achegarse con posterioridade os documentos xustificativos do gasto realizado”

“A concesión de subvencións prepagables requirirá da súa motivación no expediente e terase en conta a capacidade financeira do beneficiario e a xustificación correcta de anteriores subvencións concedidas polo Concello”

A A.V.P.C de Lalín e unha asociación sen ánimo de lucro que declara non contar con fontes de ingresos distintas ás proporcionadas polas distintas administracións públicas (nin cotas de socios, nin colaboradores privados, etc)

No concello de Lalín non consta falta de xustificación o xustificación incorrecta de anteriores subvencións concedidas por este concello.

“O outorgamento de subvencións prepagables poderá suxeitarse a esixencia de constitución de garantías conforme o disposto na base 40 e 41 sobre garantías en aprazamentos e fraccionamentos....” e “Salvo que o beneficiario da subvención sexa unha entidade sen ánimo de lucro...”

De xeito que a A.V.P.C de Lalín queda exenta de constitución de garantía.

O pagamento da subvención farase de acordo co artigo 88 do RD 887/2006 do regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións (LXS) ao remate das actividades do convenio, que en todo caso serán xustificadas antes do 15 de decembro de 2021, polo

que as facturas e documentos xustificativos do gasto non poderán ter data posterior e deberán estar pagadas.

A conta xustificativa deberá constar da seguinte documentación:

1. Una memoria da totalidade das actividades realizadas:

- Esa memoria conterá unha relación das actividades feitas e unha relación clasificada dos gastos por cada actividade feita, con identificación do acredor e do documento xustificativo, o seu importe, a data de emisión da factura, e a data de pagamento, de acordo co artigo 75 do RD 887/2006 do regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións (LXS).
- Orzamento detallado de ingresos e gastos das actividades subvencionadas.

2. Facturas orixinais (con todos os requisitos esixidos polo RD 1619/2012 de 30 de novembro) ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total, como máximo, do gasto subvencionable, ao abeiro do establecido no artigo 30.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro (Lei xeral de subvencións e o seu Regulamento).

- Deberán ser orixinais, expedidos pola empresa subministradora dos bens ou servizos. Admitiranse copias compulsadas polo propio Concello, non obstante antes de realizar as fotocopias e compulsas das mesmas estamprase nos xustificantes orixinais un selo coa seguinte lenda: “En cumprimento da Lei 38/2003 esta factura foi utilizada como xustificante do gasto para a obtención da subvención en concepto de colaboración de coa A.V.P.C de Lalín no ano 2021”
- Asumirase o compromiso de aportar os orixinais no momento que sexan requiridos.
- A factura deberá vir especificada en moeda local e recoller a data de emisión de factura.
- Deberá constar na factura unha explicación do gasto. Se a criterio do Concello o xustificante non é o suficientemente claro neste aspecto, deberá vir acompañado de nota explicativa da que se deduza unha clara relación do gasto coa actividade subvencionada.
- Reflicirá os datos identificativos do expedidor (nome, apelidos, denominación du razón social, NIF e domicilio)
- Incluirá unha descrición detallada e prezo unitario da operación e a súa contraprestación total, importe pagado e moeda. Deberá reflectirse o IVE correspondente ou imposto equivalente para o seu caso, que estea en vigor no país de emisión da factura. Cando a cota se repercute dentro do prezo deberá indicarse “IVE incluído”.
- Xustificantes de pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil utilizados para a xustificación. Só se admitirán os pagos realizados mediante transferencia bancaria, polo que as facturas deberán acompañarse do correspondente xustificante de dita transferencia. No caso de pagos por importe igual ou inferior a 200 euros admitirase o pago en metálico ou cheque sempre e cando se faga constar na factura o selo do provedor, a dilixencia de factura pagada e o nome, DNI e sinatura da persoa que dilixencie o cobro da mesma e ademais, no caso do pagamento por cheque: extracto bancario e copia da matriz do talón. No caso

de pagos en metálico, correspóndelle ó Concello comprobar a xustificación dese medio de pago que farase constar en informe xustificativo no que se acredite que o pago mediante transferencia ou cheque suporía unha carga desproporcionada para o beneficiario tendo en conta a finalidade da subvención e a natureza do gasto. Atenderase para facer ese informe de forma prioritaria á contía do pago. De non xustificarse ese pago en metálico, se entenderá non xustifico esa contía do gasto.

- No caso de que se teñan realizado pagos que conleven retención de IRPF deberán presentar o correspondente modelo xustificativo, de ter realizado o ingreso de dita retención na Axencia Tributaria.

3. Declaración xurada sobre a obtención das axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración pública ou de particulares ou de entidades privadas tanto aprobadas como pendentes de resolución.

4. Designación da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesourería Municipal.

5. No caso de que a subvenciona se destine a financiar unha subministración ou servizo de mais de 15.000,00€ sen IVE teranse que achegar os tres orzamentos, agás as excepcións do artigo 31.3 da LXS (non será preciso solicitar tres orzamentos si para o gasto, polas súas especiais características, non existas no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presen ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

6. Certificación de que o beneficiario se atopa o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, no caso de que non puidera obter eses certificados o Concello e o prazo de validez dos xa presentados rematara, conforme co estipulado no apartado e) do artigo 14 da lei 38/2003 de 17 de novembro.

7. Declaración xurada expedida polo Presidente relativo ao desenvolvemento das actividades polo que se acredite que a subvención foi destinada á finalidade para a que foi concedida.

8. O gato xustifico documentalente deberá acadar, como mínimo, o importe a que ascende o orzamento de gastos recollido na cláusula sexta. De non xustificarse o total do orzamento de execución do Convenio, o Concello de Lalín minorará a súa achega proporcionalmente.

9. Declaración responsable de que a entidade non está incurso en ningunha das circunstancias a que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

10. Esta subvención será compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recurso para a mesma finalidade. Sen embargo, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, de acordo ao establecido no artigo 40.1 do decreto 11/2009, de o de xaneiro.

NOVENA. Causas de reintegro da subvención.

Son causas de reintegro da subvención, xunto cos intereses de demora correspondentes dende o momento do seu pago, as establecidas no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Lalín (CIF G36191021) quedará sometida a ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei Xeral Orzamentaria.

Para os supostos previstos neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2021, na Lei 3/82003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu regulamento e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMA. Comisión de seguimento.

Para garantir o cumprimento deste convenio, créase unha comisión de paritaria mixta de seguimento, constituída por un técnico da área de Protección Civil e Emerxencias e un técnico da A.V.P.C de Lalín, que coordinarán o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución, sendo os seus acordos de execución inmediata.

UNDÉCIMA. Cuestións litixiosas.

As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente Convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola Xurisdición Contencioso Administrativa.

DUODÉCIMA. Resolución do convenio.

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

DÉCIMOTERCEIRA. Vixencia do convenio.

O período de vixencia do presente convenio será dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021, si ben considerase a súa eficacia respectos dos gastos orixinados por actividades do tipo especificado no convenio (período subvencionable) dende o 1 de xaneiro do ano 2021 ata o 30 de novembro de 2021

Lido polas partes e coma proba de conformidade co expresado no presente convenio, asinado e rubricado por triplicado exemplar, no lugar e na data que se indica no comezo.

Polo Concello de Lalín
O Alcalde

Pola A.V.P.C. de Lalín
O Presidente

Asdo: Don José Crespo Iglesias

Asdo. Don José Antonio Quintan Fernández